
IES DE
MUGARDOS



ies.mugardos@edu.xunta.es



881 93 82 00

Rúa do Cristo s/n
15620 MUGARDOS
(A CORUÑA)

MEMORIA DE DIRECCIÓN

CURSO 2016-2017

ÍNDICE

Obxectivos PXA

Resultados académicos

ESO

Bacharelato

Educación de Adultos

Plan de mellora

Rexistro de actividades

Vicedirección

Coordinación e organización de actividades

extraescolares

Transporte

Excursión fin de curso

Relación de actividades

Con este curso remata tamén o período de catro anos (2013-2017) da actual dirección á que lle foi concedida, logo do proceso de aprobación, unha prórroga para os vindeiros catro cursos (2017-2021). Remata, así pois, unha xeira caracterizada por un contexto xeral de forte crise económica, altas taxas de desemprego e declive demográfico. Malia isto, conseguimos manter a matrícula anual nos 250 alumnos/as.

Por outra banda, tamén neste período houbo que tomar as medidas para a implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Este feito representou un esforzo do claustro docente e equipo directivo por adaptarse aos cambios normativos que se foron producindo: programacións, estándares de aprendizaxe, competencias clave, criterios de avaliación, avaliacións finais, itinerarios, estudos académicos e aplicados, materias troncais de opción, específicas e de libre configuración, información ás familias...

O curso 2016-2017 transcorreu con relativa normalidade. Producíronse, con todo, episodios de falta disciplina académica dalgúns grupos da ESO que requiriron a intervención de Xefatura de Estudos. Neste sentido, é salientable a apertura de catro expedientes académicos, tres deles remataron pola vía conciliada.

Por outra banda, os resultados académicos foron en xeral avaliados como mellorables, aínda que será necesario agardar á convocatoria de setembro para cuantificalos en toda a súa medida. Con todas as súas limitacións, o Programa de Reforzo, Orientación e Apoio obrou efecto beneficioso no grupo reducido de alumnos e alumnas que asistiron regularmente.

OBXECTIVOS PXA

OBXECTIVO 1 Actualizar e, aprobar se é o caso, a documentación do centro:

- Plan de Convivencia
- Plan Educativo de Centro (PEC)

OBXECTIVO 2 Adaptación ao novo marco legal da LOMCE: cursos pares e avaliación final.

OBXECTIVO 3 Reducir o desequilibrio entre os resultados académicos por sexos.

OBXECTIVO 4 Aumentar a participación do alumnado:

- Xunta de Delegados/as
- Equipo de mediación

OBXECTIVO 5 Redución do gasto de subministracións (gasóleo, luz, papel, fotocopias, transporte)

OBXECTIVO 6 Solicitude de ampliación da oferta educativa: ciclos grao básico e medio

OBXECTIVO 7 Proposta dun proxecto común para os centros educativos de Mugardos centrado na igualdade, coeducación e visibilización das mulleres.

Actualizar a documentación do centro

Neste curso o servizo de inspección realizou unha auditoría do centro que verificou, entre outros aspectos, o estado de actualización da documentación do centro. Concluíu co requirimento de actualizar o Plan de Convivencia e completar o Proxecto Educativo de Centro. Do primeiro rematamos a redacción a finais de curso e do segundo establecemos as liñas de traballo do centro. Ambos os dous ficaron pendente de aprobación polos órganos de goberno para comezos do vindeiro curso.

Adaptación á LOMCE nos cursos pares e avaliación final

A implantación da LOMCE nos cursos nos últimos dous cursos achegou importantes novidades. Por unha banda supuxo unha adaptación das programacións didácticas aos novos currículos; por exemplo, todo o referido aos estándares de aprendizaxe ou a necesidade de ampliar os instrumentos de avaliación. Por outra banda, a toma en consideración das competencias clave dun xeito máis programado do que ata o momento.

Para o cumprimento deste obxectivo abórdase desde a dirección as seguintes liñas de traballo:

1. A través do Plan de Formación Permanente do Profesorado.
2. Elaboración do Perfil Competencial de centro para a avaliación das competencia clave. A través da Comisión de Coordinación Pedagóxica elixíronse os estándares de aprendizaxe achegados por cada materia para unha avaliación contextualizada das competencias.
3. Proposta de materias de libre configuración de centro para o bacharelato.

1.º bacharelato: Obradoiro de teatro
 Reforzo de inglés
 Introdución á lingua portuguesa e cultura lusófona

2.º bacharelato: Obradoiro de teatro II
 Reforzo de inglés
 Introdución á lingua portuguesa e cultura lusófona II
 Actividade Física (2 horas)

Verbo da denominada “Avaliación Final da ESO” o centro aprobou desde principio de curso un calendario para 4.º ESO en previsión da realización da proba no mes de maio. No transcurso dos meses as condicións desta “reválida” foi modificandose. Finalmente quedou reducida a unha proba de carácter mostral sen consecuencias académicas. O noso centro foi seleccionado pola admistración para a súa realización. De 25 inscritos, só se presentou un alumno.

Reducir o desequilibrio de resultados académicos por sexos

Trátase dun obxectivo recorrente desde hai varios cursos. A principal tarefa é estar pendentes de que a desviación negativa en canto aos resultados académicos dos alumnos varóns non supere esaxeradamente a media de cursos pasados e intentar que a diferenza entre sexos sexa equilibrada. Para iso, de xeito transversal véñense acometendo as seguintes medidas:

- Reparto equilibrado por sexos dentro de cada grupo.
- Medidas de atención á diversidade.
- Contratos Programa: tanto nas liñas de PROA como do Programa de Excelencia un dos compromisos é reducir esta diferenza dos resultados entre sexos.

Aumentar a participación do alumnado: Xunta de Delegados/as

Consistiu principalmente en potenciar as reunións da Xunta de Delegados/as. Neste sentido procurouse realizar unha convocatoria mensual ao longo do curso. No último mes non puido realizarse por problemas do calendario final de curso.

Nas reunións tratáronse os asuntos de decisión colectiva, como as convocatorias de folga estudantil, a transmisión de decisións dos órganos de goberno e actividades importantes na marcha do centro.

A decisión de potenciar a Xunta de Delegados/as é avaliada moi positivamente pola dirección e actualízase nos vindeiros cursos.

Redución do gasto de subministracións

O consumo de gasóleo para calefacción e electricidade segue a ser un dos gastos de funcionamento máis importante do centro. Malia que as cantidades finais non supuxeron un grande aforro, e mesmo nalgúns partidas aumentou lixeiramente, si constatamos un mantemento do gasto.

A contención do gasto máis salientable foi o de fotocopias debido á renovación do rénting da máquina principal con mellores condicións en canto a prezo por copia. Con todo, non notamos unha redución no número global de copias. Tamén se aprobaron este curso os prezos do servizo de reprografía.

Entre as medidas de mellora neste aspecto está a creación dunha dinamización de medioambiente que será valorada como prioritaria para o vindeiro curso.

Ampliación da oferta educativa: formación profesional



Tras a solicitude, na que destacamos o apoio do Concello de Mugar dos e Consello Escolar Municipal, a consellería a través da Xefatura Territorial e a Subdirección Xeral de Formación Profesional admitiu a ampliación da oferta educativa do centro cun ciclo de FP Básica de “Agroxardinaría e composicións florais”. Entrará en funcionamento para o vindeiro curso.



Proxecto de centro “Nós, feminino plural”



O proxecto de centro aprobado polos órganos de goberno centrouse nesta ocasión na igualdade, a coeducación e a visibilización das mulleres. Ao redor deste eixo realizáronse numerosos traballos de aula nos que participaron a totalidade dos departamentos. Pode consultarse a reseña das actividades no enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/?q=taxonomy/term/129>

RESULTADOS ACADÉMICOS










ABAU, xuño 2017

		Presentados	aptos	%	Media Bac	Fase xeral	Diferenza
142	IES de Mugardos	29	23	79%	7,44	5,527	1,92



Educación Secundaria de Adultos														
Cursos	04 05	05 06	06 07	07 08	08 09	09 10	10 11	11 12	12 13	13 14	14 15	15 16	16 17	
Nº alumnos	13	10	5	8	6	11	8	9	10	21	19	11	14	145
Titulados	6	8	4	8	5	10	8	9	5	17	11	9	12	112
														77,24%



PLAN DE MELLORA

Organización de centro	Encargado	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> Planificación de calendarios trimestrais de exames finais. 	Xefatura de Estudos Titorías	Principio de curso. Comezo de cada trimestre.
<ul style="list-style-type: none"> Fortalecer as medidas de atención á diversidade: Reforzos, exención de 2.º lingua estranxeira, desdobres, adaptacións curriculares, PROA... 	Orientación Xefatura de Estudos Profesores	Curso
<ul style="list-style-type: none"> Aplicar o Plan de Convivencia e mais o Plan de Acción Titorial para reducir todo o posible conflictividade, principalmente nos cursos iniciais da ESO. 	Xefatura de Estudos Orientación Titorías Xunta de Delegados/as	Curso

Metodoloxía docente	Encargado	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> Reflexión e cambios nos criterios de cualificación: potenciar a avaliación do traballo na aula. 	Departamentos	Principio de curso: programacións
<ul style="list-style-type: none"> Traballo por proxectos e avaliación de competencias clave 	Profesores	Un proxecto por trimestre. Proxecto de centro
<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado: xestión de aula, convivencia e atención á diversidade 	Profesores Plan de Formación Permanente do Profesorado	Curso

Colaboración coas familias	Encargado	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> Potenciar a comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - Presencial: horario de atención a pais e nais. - Dixital: lista de correo, Abalar-móviles, páxina web... 	Titorías Profesores Xefatura de Estudos	Curso

REGISTRO DE ACTIVIDADES

CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

- Mantemento dos prezos de axuda ao transporte nas saídas escolares (3 euros por medio día e 5 euros a xornada).
- Educación de Adultos: ESA I-II e ESA III-IV.
- Bacharelato: bolsas de estudos
- ESO: Fondo solidario, axudas.
- Banco de Libros.
- Axudas da ANPA ao transporte nas saídas escolares.
- CONCELLOS:
 - Axudas para o ensino e o transporte do Concello de Mugarbos.
 - Comedor Escolar Municipal (CEIP Unión Mugarbosa): 10 alumnos/a e 1 en reserva.
 - Recreos Saudables: colaboración centro, ANPA, Concello.

INSTALACIÓNS E DOTACIÓN MATERIAL

- **Xardín:** Limpeza e mellora da zona verde. Contratación do servizo de mantemento.
- **Cafetaría:** quentador de auga de 50 litros.
- **Biblioteca:** mesas de ordenadores e reordenación dos andeis.
- **Aula de Plástica:** acondicionamento da zona húmida con tres piletas.
- Aula 10: instalación de novos pupitres.
- Recambio do canón proxector na aula Abalar 9.

REPARACIÓNS E REVISIÓNS

OFERTA EDUCATIVA

- Implantación da LOMCE nos cursos pares. (Vd. Follas de matrícula)
- Itinerarios en 4.º ESO.
- Novas materias:
 - Actividade física e vida saudable (2.º BAC- materia de libre configuración de centro)
 - Reforzo e afondamento Inglés (1.º BAC e 2.º BAC)
 - Tecnoloxía Industrial II (2.º BAC)
 - Psicoloxía (2.º BAC)
 - Fundamentos da administración e xestión (2.º BAC)
 - Francés - 1ª lingua estranxeira (1.º BAC)
 - Artes escénicas e danza (4.º ESO)
 - Física e Química (2.º ESO)
 - Investigación e tratamento da información (2.º ESO)
- Grupo de 3.º ESO-PMAR.
- Dous grupos de Educación Secundaria de Adultos. Publicidade da oferta de adultos.
- Dous grupos CUALE B1.
- Tres seccións bilingües.
- Xestións para a solicitude de implantación de FPB e FPMedio

ALUMNADO

Lección inaugural: Isabel Rodríguez-Moldes

- **MATRÍCULAS DE HONRA** (2.º Bacharelato):
Alumnos: **Pablo Javier Rañales e Alba Brage**
- **MENCIÓN DE HONRA (4.º ESO)**
Alumna: **Marta Rumbo**

PROFESORADO

- PIALE: **Gabriela Sánchez**
- Licenza de formación en Portugal: **Isabel Seoane**
- PFPP:
 - Dispositivos móbiles para o traballo por proxectos
 - Integración das competencia clave a través do traballo por proxectos

PERSOAL NON DOCENTE

- Xubilación de **Inés Alonso García** (15 de outubro, 2016)
- Nova traballadora do persoal de limpeza: **Begoña Portela**.

CONTRATOS-PROGRAMA

- Programa de Reforzo, Orientación e Apoio.
- Programa de mellora para o éxito escolar.
- Igualdade

PLANS PROXECTA

- Proxecto Terra
- Deportivo de centro.

MEMORIA DE VICEDIRECCIÓN

As principais funcións encomendadas ao cargo de vicedirección durante este curso foron tres: a coordinación e organización de actividades extraescolares, a organización e xestión económica da excursión de fin de curso de 4º da ESO e o coidado da estética do centro.

1. A COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O obxectivo neste ámbito será o de continuar a liña dos anos anteriores, caracterizada por un alto grao de participación de profesores e alumnos en programas e actividades e pola colaboración coas institucións locais, impulsando as iniciativas que xurdan neste apartado.


Ademais, para lograr unha maior organización e aproveitamento dos recursos dispoñíbeis se traballará na procura de ofrecer ao profesorado unha visión panorámica da complexa rede de programas e actividades tecidas no centro. Desglose de obxectivos:

- a.-**Impulsar a implicación de alumnado e profesorado nas actividades extraescolares.**
- b.-**Optimizar a difusión da rede de actividades do centro.**
- c.-**Maximizar o aproveitamento dos recursos dispoñíbeis.**
- d.-**Manter a colaboración coas institucións locais.**

A. IMPLICACIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO NAS ACTIVIDADES.

Mantense a liña de alta participación de anos anteriores debido aos diferentes programas interdisciplinares do Centro mais as propias dos Departamentos. No relativo á colaboración interdisciplinar, segue a manterse nunha liña ascendente na que destacamos as incluídas no marco do proxecto de centro denominado NÓS, FEMININO PLURAL e as organizadas pola Biblioteca, como o GABINETE DAS MARABILLAS.

Foi notable, ademais, o alto grao de implicación de profesores e alumnos nos catro actos preparados durante o curso: o do DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ENTROIDO, o día das LETRAS GALEGAS e o de FIN DE CURSO e a entrega dos premios ESTUDO E DEPORTE.



PLANS PROXECTA:

Este ano houbo un descenso no número de participacións nos Plans Proxecta: no curso pasado, 2015-2016, participamos no Deportivo de Centro e o Proxecto Terra, ambos a cargo de Juan Arnott e Francisco Canoura, respectivamente. É conveniente destacar, non obstante, que esta baixada non supuxo o fin das actividades asociadas aos mesmos pois o IES Mugardos participou igual no PARLAMENTO XOVE con tres equipos (un mais que o ano pasado) e organizou o NADAL SOLIDARIO coa recollida de alimentos.

No presente curso 2016-2017, participamos en dous proxecta; PDC (proxecto deportivo de centro) Centros activos e saudables e o Proxecta Donas de Sí, ambos a cargo de Leticia Ogando e Francisco Canoura, respectivamente.

B. OPTIMIZACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE A REDE DE ACTIVIDADES

Para lograr este obxectivo usamos como medio o calendario exposto na Sala de Profesores, e seguimos a utilizar ao igual que no curso pasado, un calendario de Google na páxina WEB:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/>

C. MANTEMENTO DA COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓN LOCAIS:

Este apartado segue a manterse nun estado óptimo, enumeramos a continuación unha mostra das nosas colaboracións:

- Participación en actividades deportivas organizadas polo Concello e os clubs deportivos, tales como o campionato comarcal e provincial de orientación, xogos na praia en Ares, etc.
- A organización dun proxecto interdisciplinar no marco da NÓS, EN FEMININO PLURAL. Este proxecto desenvolveuse nun conxunto variado de actividades: obradoiros, exposicións, traballos e saídas (Proxecta Donas de Sí).
- A organización de varios obradoiros formativos en colaboración con Asuntos Sociais do Concello e diferentes entidades(Habilidades Sociais, Sexualidade, Navegar pola rede...)
- VI Premio Estudo e Deporte, en colaboración co Concello e os clubs deportivos da zona Ares-Mugardos.

2. TRANSPORTE

No relativo a este apartado é de destacar o mantemento da colaboración económica coa ANPA no transporte das actividades extraescolares.

Este ano incrementouse significativamente a contribución económica do centro debido ao aumento no número de excursións, especialmente as de día completo e destinos afastados.

Deste desglose económico hai que excluír a excursión de Madrid.

3. EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO A MADRID

O presuposto por alumno e alumna da excursión a Madrid foi de 394€ e o importe global foi de 9.062€ euros. Tivo unha alta participación pois asistiron 23 alumnos dos 25 do grupo de referencia. Tamén é destacable a organización por eles mesmos da creación e venda de rosas polo San Valentín. Ademais, foron repartidas rifas a cada alumno por un importe de 300 €, entre as facilitadas pola ANPA e ADASTRA.

O coste total por alumno incluíu transporte e aloxamento, todas as comidas e actividades como: visita a Segovia, Visita guiada polo Madrid dos Austrias e os Borbóns, Museo del Prado e entradas ao musical Rey León, Forestal Park, museo do Bernabeu, parque Warner e visita á cidade de Ávila.

4. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2016-2017

Por último, presentamos a continuación unha síntese das actividades organizadas no IES ao longo do curso 2016-2017:

7-10-16: MONÓLOGO PAMELA PALENCIANO “Non só doen os golpes”, organiza Dep. Orientación. 2º BAC.

24-10-16: Presentación programa “Mocidade Activa”, organiza Vicedirección cos titores. 3º ESO.

25-10-16: CAMIÑO DE SANTIAGO, organiza dep. Educación Física. 1º BAC.

4-11-16: PRESENTACIÓN DO PROGRAMA CINENSINO”, organiza Vicedirección cos titores. 1º ESO.

7-11-16: PRESENTACIÓN DO PROGRAMA CINENSINO”, organiza Vicedirección cos titores. 2º ESO.

10-11-16: OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA, organiza Dep. De Plástica. 3º ESO.

23-11-16: TEATRO “Le Misanthrope” de Molière. Dep. Francés. 3º ESO, 1º BAC.

25-11-16: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, organiza Normalización Lingüística.

2-12-16: FINAL DO CAMPIONATO DE POLINOMIOS, organiza dep. De Matemáticas.

16-12-16: OBRADOIRO AFECTIVO SEXUAL, organiza dep. Orientación. 3º ESO, 3º PMAR.

19-12-16: OBRADOIRO AFECTIVO SEXUAL, organiza dep. Orientación. 3º ESO, 3º PMAR.

20-12-16: CHARLAS PROGRAMA KTORCE18, organiza dep. Orientación. 2º, 3º, 4º ESO+PMAR.

13-26-1-17: EXPOSICIÓN COMIC SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO, organiza Vicedirección.

24-1-17: EXPOSICIÓN XAIME QUESSADA, organiza dep. Xeografía e Historia, Club de lectura. 2ºBAC+ESO.

27-1-17: CHARLA COLOQUIO PARLAMENTO DE GALICIA, organiza dep. Xeografía e historia. 2º BAC, 3º, 4º ESO.

2-2-17: VISITA UDC, organiza dep. Orientación. 1º, 2º BAC.

6-2-17: PLAN DIRECTOR (charla novas tecnoloxías), dep. Orientación. 1º ESO.

21-2-17: MUSEOS CIENTÍFICOS, organiza dep. Física e química. 3º, 4º ESO+PMAR.

23-2-17: ARSENAL MILITAR DE FERROL, organiza dep. Inglés. 1º ESO.

24-2-17: ENTROIDO, organiza Vicedirección.

3-3-17: PROGRAMA ATRÉVETE (visita á empresas sabón), organiza dep. Orientación. 1º, 2º ESO.

3-3-17: LECTURA CONTINUADA OBRA DE ROSALÍA, organiza dep. Galego. 4º ESO.

8-3-17: CARREIRA DE ORIENTACIÓN, organiza dep. Educación física. 1º, 2º ESO.

13,17-3-17: SEMANA FROITA FRESCA, organiza Vicedirección.

15-3-17: CARREIRA DE ORIENTACIÓN, organiza dep. Educación física. 3º, 4º ESO.

20-3-17: TEATRO FORUM METROPOLITANO, organiza dep. Lengua castellana. 1º, 2º ESO.

22-3-17: TEATRO COLÓN "MEDEA", organiza dep. Linguas clásicas.

23-3-17: PERFORMANCES NA RÚA, organiza dep. Orientación. 1º BAC.

28-3-17: VIVITA ÁS CUBERTAS DA CATEDRAL DE SANTIAGO, organiza dep. Xeografía e historia e club de lectura. 2º BAC, ESO.

5-4-17: PROGRAMA QUÉROTE (taller sobre o botellón), organiza dep. Orientación. 3º ESO+PMAR.

6-4-17: VISITA A BETANZOS, organiza dep. Inglés. 2º, 3º ESO+PMAR.

7-4-17: OBRADOIRO TÉCNICAS ARTÍSTICAS, organiza dep. Plástica. 1º ESO.

7-4-17: CAMIÑADA A CHANTEIRO, organiza dep. Educación física. 2º BAC.

7-4-17: SEMANA DAS PROFESIÓN S (IES U. Laboral e Pablo Picasso), organiza dep. Orientación. 2º ESO.

18, 21-4-17: EXCURSIÓN 4º ESO (Segovia+Madrid+Ávila), organiza Vicedirección.

20-4-17: VISITA CFA GUÍSAMO, organiza dep. Orientación. 1º ESO.

25-4-17: SEMANA DAS PROFESIÓN S (IES Rodolfo Ucha, Ferrol Terra), organiza dep. Orientación. 4º ESO.

26-4-17: RUTA DE SENDEIRISMO A MONFERO, organiza dep. Educación física. 3º, 4º ESO.

27-4-17: OBRADOIRO DE XORNALISMO, organiza dep. Galego. 3º, 4º ESO.

6-5-17: DÍA DA CIENCIA, organiza dep. Física e química.

8, 12-5-17: FROITA FRESCA, organiza Vicedirección.

10-5-17: DEBATE A TRES ELECCIÓNS 2017, organiza dep. Xeografía e historia. 3º, 4º ESO e 1º BAC.

11-5-17: GRABACIÓN VÍDEO NAVANTIA, organiza dep. Normalización lingüística. 4ºE-SO, 1ºBAC.

15, 19-5-17: SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

ACTIVIDADE	DATA		CURSOS
ADivinasPalabras	Do 15 ao 26 de maio	<i>Concurso de coñecemento, adquisición e uso preciso de vocabulario</i>	ESO
Aula de TóquemeRoque	18 de maio	<i>Performance polas aulas do instituto interrompendo brevemente a clase cunha breve interpretación sobre Casares</i>	4º ESO para todos os grupos do centro
Exposición Arte no Mercado	Do 18 ao 31 de maio Día dos Mercados	<i>Exposición de cadros elaborados polo alumnado no Mercado de Abastos de Mugardos</i>	1º ESO
Caza do Tesouro Achégate a Casares	Do 18 de maio ao 26 de maio	<i>Busca de información guiada na rede para completar un cuestionario sobre a vida e obra de Carlos Casares</i>	ESO BAC
Bailes tradicionais		<i>Obradoiro impartido por Óscar Navas, vicepresidente de FEAJ</i>	2º e 3º ESO
Chea de vida organizada polo CFR Ferrol	11 de maio	<i>Gravación coral da canción de Guadi Galego nas instalacións de Navantia-Ferrol</i>	4º ESO 1º BAC
Eleccións do IES de Mugardos	Do 15 ao 26 de maio	<i>Simulacro de eleccións xerais coa creación de candidaturas políticas, debates, campaña electoral, xornada de reflexión e sufraxio</i>	ESO BAC
Obra de teatro “Os mortos daquel verán” CDG	16 de maio SdC	<i>Asistencia á representación teatral en Santiago do Centro Dramático Galego</i>	3º e 4º ESO

16-5-17: TEATRO CARLOS CASARES, organiza dep. Galego. 3º, 4º ESO.

18-5-17: XOGOS NA PRAIA, organiza dep. Educación física. 1º ESO.

19-5-17: XOGOS NA PRAIA, organiza dep. Educación física. 2º ESO.

22-5-17: OBRADOIRO DONAS DE SÍ, organiza dep. Xeografía e historia. 1º ESO.

26-5-17: CELEBRACIÓN ELECCIÓN MUGARDOS 2017, organiza dep. Xeografía e historia.

30-5-17: RUTA DOS DOLMES, organiza dep. Xeografía e historia. 1º ESO.

22-6-17: TRADICIONAL PARTIDO DE VOLEIBOL ALUMNOS E PROFESORES, organiza dep. Educación física.

23-6-17: ACTOS DE FIN DE CURSO

10:30	Inicio das actividades: <ul style="list-style-type: none">• Exposición e explicación impresión 3D	Aula de informática.
11:00	Acto cultural: <ul style="list-style-type: none">• Obradoiro de teatro, 1ºBAC.• Actuacións musicais• Vídeos• Entrega de diplomas	Salón de Actos
12:30	Descanso e recepción de autoridades.	Corredor central
13:00	VI PREMIO ESTUDO DEPORTE	Salón de Actos

CURSO 2016-2017

SAÍDAS

